

1.1

producción

6 obxectivo deste capítulo é analiza-la produción en Galicia ó longo de 1999. Para facelo, teranse en conta os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), Eurostat, a Fundación das Caixas de Aforros españolas (Funcas) e a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Na primeira parte do estudio analízase a produción segundo os datos do IGE, dos que se desprende que a economía galega continuou en 1999 co seu ciclo expansivo, como indica o crecemento dun 3,8% de media anual (VEBpm) fronte ó 3,4% do ano anterior; por outra, este contexto de crecemento global da economía galega resume un marco sectorial caracterizado polo bo comportamento do sector da construción, que se converte no sector máis dinámico da economía galega, e pola recuperación do sector primario.

No ano 1999 implantouse un novo sistema armonizado de contabilidade nacional da UE

(SEC-95), que significou o reemplazamento do CNAE base 86 pola CNAE base 95, que aínda non ten sido aplicado polo IGE. Esta diferenza dificulta a homoxeneidade das comparacións entre as diferentes taxas de variación.

A segunda parte céntrase na análise dos datos de Funcas, nos que se reflicte que en 1999 se produce en Galicia unha diverxencia real con España, en tanto que continúa a tendencia de aproximación ós niveis medios europeos. Fronte a esta diverxencia con España sinalada por Funcas, os datos da Contabilidade Regional de España amosan o mantemento do peso relativo do PIB galego no total español: 5,46% nos anos 1998 e 1999.

A produción segundo o IGE

Estudiando a produción, a economía galega presentou, segundo o IGE, unha taxa media anual de crecemento do 3,8% (base 86) en 1999, fronte o 3,2% (base 95) experimenta-

CADRO 1.1.1.

VEB ⁽¹⁾ de Galicia e España 1998-99: taxas de variación

	Galicia (2)						España (3)					
	1998 1999		1999				1998 1999		1999			
	(medias anuais)		trimestres				(medias anuais)		trimestres			
			I	II	III	IV			I	II	III	IV
Agricultura e pesca	-2,5	0,3	-0,8	0,3	0,8	0,9	1,8	-2,1	-2,1	-2,6	-2,2	-1,3
Industria	5,8	3,6	3,5	3,4	3,7	3,8	4,8	1,8	1,3	1,2	2,0	2,9
Construcción	3,1	7,4	7,3	7,5	7,6	7,1	6,5	8,1	8,8	8,7	7,9	6,9
Servicios	3,0	3,9	3,5	4,1	4,2	3,8	3,1	3,5	3,5	3,5	3,5	3,4
Total non agrario	4,0	4,1	3,8	4,1	4,4	4,1	3,8	3,4	3,3	3,3	3,5	3,6
Total	3,4	3,8	3,4	3,8	4,1	3,8	3,7	3,2	3,1	3,0	3,2	3,3

(1) a prezos de mercado

(2) base 1986

(3) base 1995. VEB a prezos básicos

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral de Galicia e INE, Contabilidade Trimestral de España

CADRO 1.1.2.

Taxas de variacións anuais do VEB e do emprego 1998-99 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos

Sectores	Galicia				España			
	98/97		99/98		98/97		99/98	
	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego
	3,4	1,7	3,8	2,6	3,7	3,4	3,2	4,6
Primario	-2,5	-7,6	0,3	-4,7	1,8	-0,6	-2,1	-4,3
Industria	5,8	6,9	3,6	4,0	4,8	4,9	1,8	2,8
Construcción	3,1	-0,5	7,4	6,9	6,5	5,1	8,1	11,9
Servicios	3,0	4,5	3,9	4,1	3,1	3,2	3,5	5,2
Non agrarios	4,0	4,3	4,1	4,4	3,8		3,4	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e do INE

do polo conxunto do estado. Este crecemento foi acompañado por un incremento do emprego nun 2,6% en Galicia, en tanto que para o conxunto do estado, a taxa de crecemento do emprego foi do 4,6% (cadros 1.1.1. e 1.1.2.)

Profundizando no estudio da produción en Galicia, en 1999 a **construcción** foi o sector máis dinámico da economía galega, cunha taxa de crecemento anual do 7,4%, moi superior á experimentada o ano anterior, 3,1%.


Influenciada por esta evolución, a poboación ocupada neste sector incrementouse nun 6,9% (6,8 miles de persoas) e o consumo de cemento medrou nun 2,1%.

A licitación oficial de tódalas administracións públicas en Galicia medrou nun 18% en 1999, pero a licitación pública da Xunta non seguiu a mesma tendencia, diminuíndo un 30% respecto ó ano anterior (cadros 4.3.2.: Licitación pública por data de apertura de ofertas de tódalas Administracións nas CC.AA. 1999: distribución segundo tipo de obra e 4.3.4.: Licitación pública por data de apertura de ofertas das Administracións autonómicas 1999: distribución segundo tipo de obra).

O sector **servicios**, por mor do comportamento dos servicios destinados á venda, presenta un crecemento medio de 3,9% en 1999, 3 décimas superior ó experimentado polo sector

GRÁFICO 1.1.1.

Crecemento da economía galega 1994-99:
variacións medias anuais do VEB e do emprego



CADRO 1.1.3.

Poboación ocupada 1998-99: distribución segundo sectores económicos

	1998	1999	98/97	99/98
	(en miles de persoas)		(%)	
Agricultura	152,6	139,3	-9,3	-8,7
Pesca	29,1	33,8	2,8	16,0
Industria	162,5	169,0	6,9	4,0
Construción	98,1	104,9	-0,5	6,9
Servicios	475,5	494,8	4,5	4,1
Total	917,8	941,7	1,7	2,6

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

industrial (3,6%). En 1999 prodúcese un aumento no grao de ocupación en establecementos hosteleiros e un crecemento no transporte de pasaxeiros e de mercadorías. Asemade, apréciase un crecemento do consumo de combustibles líquidos (8,6%) e das matriculacións de vehículos (15,7%).

A poboación ocupada no sector servicios, como reflicten os **cadros 1.1.2. e 1.1.3.**, medrou ó longo de 1999, cun crecemento, en termos relativos, do 4,1%, equivalente a un incremento en termos absolutos de 19,3 miles de persoas.

O sector **industrial** deixa de ser o máis

dinámico da economía galega e presenta en 1999 un crecemento do 3,6%, fronte ó 5,8% do ano anterior. Este crecemento viu acompañado por un aumento da poboación ocupada do 4,0% (6,5 miles de persoas) tal e como reflicten os **cadros 1.1.2. e 1.1.3.**

O sector **primario** superou o descenso experimentado no primeiro trimestre e en 1999 rexistrou un crecemento medio do 0,3%, fronte á taxa negativa do ano anterior (2,5%). En España, o sector primario presenta unha taxa de crecemento negativa do 2,1%, fronte ó aumento do 1,8% experimentado en 1998.

Unha das notas características propias do

CADRO 1.1.4.

VEB ⁽¹⁾ das CC.AA. 1999: taxas de variación interanuais

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sectores non agrarios	PIBR a prezos de mercado
Andalucía	4,01	-1,10	4,40	13,70	3,92	4,90	4,53
Aragón	3,93	-1,98	3,28	12,46	4,13	4,38	4,20
Asturias	3,18	1,20	2,10	7,83	3,30	3,26	3,42
Baleares	7,34	2,10	5,24	12,13	7,30	7,46	8,09
Canarias	4,58	-5,10	3,60	13,20	4,30	5,10	4,95
Cantabria	4,01	3,70	2,82	11,68	3,54	4,03	4,09
Castela-A Mancha	4,18	1,71	5,36	7,01	3,51	4,54	4,49
Castela e León	4,03	3,50	3,11	9,12	3,83	4,10	4,26
Cataluña	4,28	-1,68	3,48	10,52	4,30	4,41	4,80
C. Valenciana	4,47	-0,78	3,73	11,72	4,36	4,71	5,04
Extremadura	4,73	-1,67	4,80	12,64	4,78	5,69	4,73
Galicia	3,83	0,63	3,60	7,45	3,90	4,18	4,19
Madrid	4,30	0,92	3,81	8,21	4,10	4,31	4,72
Murcia	4,28	3,20	3,63	11,28	3,72	4,42	4,99
Navarra	4,08	4,60	4,19	5,60	3,71	4,05	4,20
País Vasco	3,76	0,60	3,50	7,73	3,65	3,84	4,04
A Rioxa	3,61	2,52	3,26	9,92	3,40	3,78	4,01
Ceuta	3,24	-2,12	2,91	11,27	2,90	3,29	3,62
Melilla	3,61	-2,48	2,59	6,81	3,50	3,64	3,61
Total	4,24	0,13	3,68	10,27	4,16	4,50	4,67

(1) VEB a custo de factores
Fonte: Funcas

sector primario é a súa continua perda de man de obra (4,7% ou 8,6 miles de persoas en 1999). Este descenso concéntrase no subsector agrícola, no que a poboación ocupada descende ó longo de 1999. Como media, en 1999 había no subsector un total de 139,3 miles de persoas ocupadas, fronte ás 152,6 do ano anterior. No subsector pesqueiro, pola contra, continuou o aumento da poboación ocupada experimentado o ano anterior. Cuantitativamente, o subsector pesqueiro acollía a 33,8 miles de persoas en 1999, fronte ás 29,1 miles de persoas de 1998.

A producción segundo Funcas

Centrando o estudo nas taxas de variación do VEB a custo de factores, o **cadro 1.1.4.** reflicte que a taxa de crecemento de Galicia foi de 3,8% respecto ó ano anterior (4,2% en España), co que foi a cuarta comunidade con menor

crecemento, tras Asturias (3,2%), A Rioxa (3,6%) e o País Vasco (3,8%). Cos datos a prezos de mercado, as taxas de crecemento de Galicia e España ascenden a 4,2% e 4,7%, respectivamente.

Por comunidades autónomas, Galicia aporta o 5,67% do VEB a custo de factores de España, cando en 1998 xeraba o 5,70% do total, segundo se reflicte no **gráfico 1.1.2.** Por sectores, salienta o peso do sector primario galego no total de España, que é do 10,9%, seguido do sector da construción, co 6,7%. O sector industrial galego supón o 5,5% da industria en España e os servizos, o 5,2%.

Pola súa aportación ó VEB total a custo de factores español, Galicia ocupa a sexta posición entre as comunidades autónomas españolas en termos absolutos, con 5.289.270 millóns de pesetas (**ver cadro 1.1.5.**). En troques, se se fai

CADRO 1.1.5.

VEB (1) das CC.AA. 1999

(en millóns de pesetas correntes)

	Agricultura e pesca	CA/total (%)	Industria	CA/total (%)	Construción	CA/total (%)	Servicios	CA/total (%)	VEB	CA/total (%)	VEB / habitante (2)
Andalucía	1.181.420	27,35	1.584.699	8,07	1.126.707	14,36	7.694.121	12,51	11.586.947	12,42	1,60
Aragón	172.694	4,00	859.897	4,38	221.132	2,82	1.757.101	2,86	3.010.824	3,23	2,54
Asturias	65.852	1,52	548.768	2,79	188.390	2,40	1.281.867	2,08	2.084.877	2,23	1,93
Baleares	46.299	1,07	207.738	1,06	206.148	2,63	2.204.612	3,58	2.664.797	2,86	3,35
Canarias	148.830	3,45	303.677	1,55	391.502	4,99	3.034.769	4,93	3.878.778	4,16	2,38
Cantabria	51.311	1,19	258.246	1,31	103.393	1,32	697.288	1,13	1.110.238	1,19	2,11
Castela-A Mancha	348.262	8,06	715.255	3,64	401.499	5,12	1.684.347	2,74	3.149.363	3,37	1,84
Castela e León	491.969	11,39	1.209.491	6,16	476.203	6,07	3.035.512	4,93	5.213.175	5,59	2,10
Cataluña	309.481	7,17	4.963.135	25,26	1.291.904	16,47	11.279.939	18,34	17.844.459	19,12	2,90
C. Valenciana	364.194	8,43	2.350.778	11,97	808.824	10,31	6.013.851	9,78	9.537.647	10,22	2,37
Extremadura	179.173	4,15	279.399	1,42	189.742	2,42	1.041.898	1,69	1.690.212	1,81	1,58
Galicia	471.503	10,92	1.073.210	5,46	524.708	6,69	3.219.849	5,23	5.289.270	5,67	1,94
Madrid	39.410	0,91	2.395.544	12,19	1.152.031	14,69	12.664.454	20,59	16.251.439	17,41	3,19
Murcia	171.950	3,98	410.106	2,09	208.947	2,66	1.315.023	2,14	2.106.026	2,26	1,89
Navarra	69.124	1,60	517.532	2,63	117.911	1,50	796.474	1,29	1.501.041	1,61	2,83
País Vasco	118.213	2,74	1.746.454	8,89	369.729	4,71	3.205.385	5,21	5.439.781	5,83	2,59
A Ríoxa	87.624	2,03	206.141	1,05	51.855	0,66	384.869	0,63	730.489	0,78	2,77
Ceuta	1.146	0,03	8.842	0,05	6.629	0,08	110.109	0,18	126.726	0,14	1,76
Meiulla	552	0,01	6.494	0,03	7.195	0,09	97.291	0,16	111.532	0,12	1,86
Total	4.319.007	100	19.645.406	100	7.844.449	100	61.518.759	100	93.327.621	100	2,34


(1) VEB a custo de factores

(2) calculado a partir da Revisión do Padrón de habitantes a 1-1-1998

Fonte: *Funcas*

GRÁFICO 1.1.2.

Participación da economía galega no total español 1995-99



(1) (1995-97): estimación provisional; 1998: estimación avance e 1999: 1ª estimación.
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *Funcas* e do *INE*

en termos relativos (VEB a custo de factores per cápita), Galicia ocuparía o lugar décimo segundo, con 1,94 millóns de pesetas por habitante, fronte ós 2,34 millóns de media estatal.

No devandito cadro pódese apreciar que o sector servicios aporta o 60,9% do VEB galego a custo de factores, en tanto que a industria significa un 20,3%. Como ocorre no conxunto de España, en Galicia o sector primario e a construción son os que menos aportan ó VEB a custo de factores. En Galicia estas aportacións son superiores ás do conxunto estatal: 8,9% e 9,9%, respectivamente, fronte ó 4,6% e 8,4% de España.

Pódese completa-la comparativa coas outras comunidades autónomas coa análise da converxencia real medida a través do PIB por habitante e dun índice de converxencia real calculado a través do PIB medido en paridades de poder de compra. Atendendo a estes índices,

recollidos no **cadro 1.1.6.**, en 1999 Galicia diverxe de España, xa que o PIB por habitante en Galicia descende do 83,41% da media española de 1998 ata o 83,28% e o índice de converxencia axustado ó poder de compra descende do 86,02% ata o 85,63%. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia, atendendo ó valor destes índices, é a décimo primeira comunidade, por diante de Andalucía, Asturias, Extremadura, Murcia e Castela-A Mancha, ademais de Ceuta e Melilla.

Pola contra, o índice de converxencia real fronte á UE amosa que Galicia continúa coa tendencia de aproximación á media europea: este índice pasou do 70,06 de 1998 ó 71,19 de 1999. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia, atendendo ó valor deste índice, é a décimo primeira comunidade, por diante das mesmas comunidades mencionadas no parágrafo anterior. ■

CADRO 1.1.6.

Converxencia real das CC.AA. 1998-99 fronte á Unión Europea (UE-15)

	PIBR por habitante			Índice de converxencia axustado segundo poder de compra					
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98
	(media española=100)		variación absoluta	(media española=100)		variación absoluta	(media UE-15=100)		variación absoluta
Andalucía	68,89	68,79	-0,10	71,60	71,84	0,24	58,32	59,73	1,41
Aragón	109,29	109,06	-0,23	114,52	113,96	-0,56	93,28	94,75	1,47
Asturias	82,16	81,32	-0,84	82,37	81,76	-0,61	67,09	67,98	0,89
Baleares	145,69	148,82	3,13	140,40	143,28	2,88	114,36	119,12	4,76
Canarias	96,60	96,21	-0,39	98,76	98,85	0,09	80,44	82,18	1,74
Cantabria	91,15	90,63	-0,52	92,55	92,02	-0,53	75,38	76,51	1,13
Castela-A Mancha	79,14	78,92	-0,22	85,87	85,54	-0,33	69,94	71,12	1,18
Castela e León	90,30	90,36	0,06	94,87	94,13	-0,74	77,27	78,26	0,99
Cataluña	124,43	124,46	0,03	115,98	115,33	-0,65	94,47	95,89	1,42
C. Valenciana	101,64	101,53	-0,11	101,42	101,60	0,18	82,61	84,47	1,86
Extremadura	68,03	68,26	0,23	74,05	75,11	1,06	60,31	62,45	2,14
Galicia	83,41	83,28	-0,13	86,02	85,63	-0,39	70,06	71,19	1,13
Madrid	134,11	134,91	0,80	132,25	133,17	0,92	107,72	110,72	3,00
Murcia	81,43	81,24	-0,19	84,05	83,61	-0,44	68,46	69,51	1,05
Navarra	120,89	119,90	-0,99	112,67	111,31	-1,36	91,77	92,54	0,77
País Vasco	111,39	111,03	-0,36	106,62	106,18	-0,44	86,84	88,28	1,44
A Ríoxa	118,14	117,36	-0,78	123,09	121,43	-1,66	100,26	100,96	0,70
Ceuta	75,80	74,74	-1,06	78,27	78,16	-0,11	63,75	64,98	1,23
Melilla	79,37	78,45	-0,92	79,25	78,33	-0,92	64,55	65,12	0,57
Total	100,00	100,00		100,00	100,00		81,45	83,14	1,69

Fonte: Funcas

